

RECOMENDACIÓN PARA A NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA NO ANO 2025

O Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL), integrado polas organizacións sindicais e empresariais con maior representatividade da Comunidade Autónoma, ten como unha das súas funcións esenciais, de acordo co artigo 3 da Lei 5/2008 de 23 de maio: *“fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1 da Constitución Española, e impulsar unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial”*.

Así, o CGRL eríxese no principal espazo institucional de encontro entre sindicatos e asociacións empresariais de Galicia para o fomento da negociación colectiva de condicións de traballo.

En desenvolvemento desta competencia, o CGRL atópase inmerso no desafío de impulsar a adaptación dos convenios colectivos galegos ás esixencias das continuas modificacións da normativa laboral.

O compromiso coa negociación colectiva, a certeza das súas bondades e a preocupación pola redución cuantitativa e cualitativa de procesos negociadores e convenios colectivos, levou ao Pleno do CGRL a aprobar por unanimidade na súa xuntanza de 13 de febreiro de 2025 a seguinte **RECOMENDACIÓN** de cara á negociación colectiva no presente ano:

1. Existe incertidume ante a posible aprobación de novidades lexislativas en materia de negociación colectiva que afectan ao núcleo esencial desta.

Tendo en conta o anterior, e co debido respecto á autonomía das mesas negociadoras de cada convenio, ás particularidades dos procesos negociadores e ás dificultades que poidan xurdir en cada caso concreto, recoméndase establecer un calendario de xuntanzas, non dilatadas no tempo e que sirva como elemento dinamizador e de estímulo dos procesos negociadores, sen prexuízo da posibilidade de rexistrar os acordos parciais que se vaian acadando.

2. Na negociación dun convenio colectivo resulta inevitable en ocasións que se produzan discrepancias, diferenzas, problemas ou atrancos que poden levar a bloqueos ou parálises na negociación. Galicia conta cunha ferramenta potente, o AGA, da que se dotaron os interlocutores sociais galegos no ano 1992, que se amosa especialmente axeitada para ofrecer pola vía da mediación ou da arbitrase solucións rápidas, imaxinativas e eficaces aos problemas que poidan xurdir. Neste sentido, cóincídese tamén en que debe fomentarse a introdución de cláusulas específicas de sometemento ao AGA para os supostos nos que, téndose denunciado o convenio, exista un bloqueo no desenvolvemento do proceso negociador, tratando así de establecer prazos máis áxiles.

O Pleno recomenda ás partes negociadoras dos convenios colectivos facer uso desta ferramenta a través dos formularios de solicitude de mediación ou arbitrase, que se poden atopar na páxina web do CGRL, no seguinte enlace <https://www.cgrl.gal/aga-2/modelo-de-solicitudes/>

O formulario debidamente cumprimentado remitirase por correo electrónico á seguinte dirección (soluciondeconflitos.cgrl@xunta.gal)

3. Así mesmo, aconséllase ás partes o aproveitamento do apoio que está a prestarse desde o CGRL ás mesas negociadoras dos convenios, quen pon á súa disposición persoal xurídico e técnico, instalacións e demais medios para axudar ao desenvolvemento das negociacións.

Particularmente, son actuacións que se poden demandar e que teñen a súa canle natural no CGRL, entre outras:

- o servizo de presidencia que posibilita á mesa de negociación contar cun experto que facilite a negociación entre as partes, e ordenando os debates.
- a colaboración coas partes a través da conciliación e mediación
- a convocatoria de xuntanzas
- o funcionamento do organismo como sede de comisións paritarias
- a elaboración de actas das xuntanzas
- os trámites de rexistro e depósito no REGCON (rexistro telemático oficial de acordos e convenios colectivos), previa delegación no persoal do organismo,
- un amplo abano de cláusulas tipo que poden ser consultadas na páxina web.

4. En materia de igualdade e non discriminación, está adscrita organicamente ao CGRL a Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva, órgano de asesoramento, control e promoción da negociación colectiva e das relacións de traballo colectivas, que ten a facultade e a capacidade de asesorar sobre a redacción de cláusulas que promovan a igualdade e removan discriminacións directas e indirectas por razón de xénero.

Ante as discrepancias que se produzan durante a negociación do Plan ou durante a revisión do mesmo, a comisión negociadora do Plan de Igualdade tamén pode acudir ós mecanismos de solución extraxudicial de conflitos anteditos mediante a presentación do formulario de mediación indicado no punto 2º.)

5. En relación coa composición das mesas de negociación e sen prexuízo, do respecto á presenza das persoas lexitimadas para elo por razón do seu cargo, recoméndase a presenza equilibrada de homes e mulleres en todas as comisións negociadoras e paritarias.

6. Recoméndase sinalar no texto do convenio colectivo ao CGRL como sede da comisión paritaria, o que garante que calquera escrito ou convocatoria que se dirixa a esta remitirase con axilidade aos seus integrantes polo persoal do organismo. En todo caso, é unha obriga legal sinalar un domicilio da comisión paritaria a efectos de notificacións. Fomentarase a atribución de competencias ás anteditas Comisións Paritarias dos Convenios Colectivos para dar resposta ás cuestións relacionadas coa interpretación e aplicación dos mesmos.

Do mesmo xeito, a remisión ao AGA, como mecanismo para solucionar as discrepancias que se produzan nas comisións paritarias nos procesos de inaplicación de convenios colectivos, dá cumprida satisfacción ao contido mínimo esixido no artigo 85 do Estatuto dos Traballadores.

7. Establecemento de grupos de traballo especializados por materias (como por exemplo, seguridade e saúde laboral) dependentes das comisións paritarias dos convenios colectivos ou vencellados ás mesmas de xeito que durante o período de vixencias dos convenios se poida avanzar en aspectos técnicos de maior complexidade de cara a posterior negociación antes do inicio formal da mesma. Sen prexuízo de que as decisións vinculantes correspondan sempre a comisión negociadora.

8. Aconséllase a correcta cumprimentación das follas estatísticas unha vez finalizada a negociación do convenio colectivo. O CGRL conta cunha base de datos dos CNAES, persoas traballadoras afectadas e a súa composición de sexos para subministrar ás persoas negociadoras que o soliciten.

9. Para a mais áxil xestión dos trámites de depósito, rexistro e publicación dos convenios colectivos, recoméndase engadir á acta final dos textos unha folia de sinaturas –que permita identificar debidamente ás persoas asinantes- requisito imprescindible para que os organismos competentes validen os tramites anteditos.

10. Recoméndase ás mesas negociadoras facer un esforzo especial para actualizar os contidos dos convenios e acordos que, mais aló da adaptación á legalidade, deberían ser modificados para responder as necesidades reais actuais das empresas e das persoas traballadoras. Aproveitando esta oportunidade, procederase á renovación dos contidos esenciais sobre a base de criterios de calidade e unha progresiva ampliación de contidos vencellados ás novas realidades económicas e sociolaborais.

Neste senso, ademais, enténdese interesante o tratamento polas mesas negociadoras, entre outros, de temas como a prevención de riscos laborais, especialmente con perspectiva de xénero, os sistemas empresariais de control.

11. Así mesmo, recoméndase a consulta e utilización dos recursos e instrumentos de información dispoñibles na web do CGRL:

- Guía de negociación colectiva en materia de igualdade.
- Protocolo contra a violencia e o acoso sexual , laboral, por razón de sexo e identidade nos centros de traballo.
- Cláusulas tipo.
- Seminarios, cursos e xornadas formativas sobre materias de índole laboral.

12. Recoméndase ás mesas negociadoras afondar no enriquecemento dos contidos, coa finalidade de que permanezan adaptados á lexislación vixente en cada momento e se desenvolvan con máis profundidade no que respecta a aspectos do mundo das relacións laborais que adquiriron unha maior relevancia, por exemplo, a intelixencia artificial e os algoritmos. Así, sería convinte centrar os esforzos das mesas negociadoras en incentivar a regulación da protección das persoas traballadoras pola vía da negociación colectiva incorporando na mesma a definición, a implementación e o seguimento de canles de información que garantan a transparencia, e a análise do impacto que produce o seu uso.

Asemade, convense en sinalar a necesidade de que a negociación colectiva garanta a supervisión humana no uso dos algoritmos e da intelixencia artificial con impacto nas relación laborais.

13. Recoméndase ás mesas negociadoras delimitar axeitadamente os ámbitos funcionais e territoriais dos convenios colectivos sectoriais, na procura dunha maior concreción respecto das actividades incluídas dentro do mesmo, prestando especial atención a aquelas respecto das que poidan suscitarse dúbidas pola súa similitude coas que se desenvolven noutros sectores. A tales efectos, o CGRL pon a disposición das partes os seus servizos de asesoramento xurídico e técnico.

14. Recoméndase ás mesas negociadoras que continúen cos seus traballos e avancen na definición e mellora das condicións laborais. A parálise na negociación pode xerar un baleiro que afecte a estabilidade laboral e económica dos diferentes colectivos.

▪ ▪ ▪ ▪ ▪ ▪ ▪

Desde a páxina web do CGRL poden consultarse o texto de todos os convenios colectivos aplicables en Galicia, os boletíns e informes sobre a situación da negociación colectiva galega, o enlace para o rexistro de convenios, o formulario de solicitude para determinar o ámbito de aplicación dun convenio colectivo, así como a información normativa e xurisprudencial relativa á materia. Ademais, está a disposición do público en xeral, na páxina web do CGRL, unha base de datos de laudos de eleccións sindicais.